

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
"CHIRINGUITO" DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

PRIMEIRA.- OXECTO E DURACIÓN DO ARRENDAMENTO

O presente contrato de arrendamento ten por obxecto a regulación da explotación do chiringuito da Asociación Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde -en adiante CERCUD- situado na Praia Fluvial de Baamonde, dacordo coas condicións establecidas no presente prego de prescricións técnicas, destinándose para elo, as dependencias afectas ao mesmo, quedando prohibida a utilización para fins alleos a esta finalidade.

A duración do arrendamento comprenderá dende o día 1 de xuño de 2018 ata o 9 de setembro dese mesmo ano -ambos incluídos- o que suma un total de 101 días.

O arrendamento poderá ser prorrogable ao período estival de 2019 se ámbalas dúas partes o acordan unha vez extinguindo o presente acordo.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN

Fíxanse uns horarios de apertura **mínimos***, durante todos os días (101) do arrendamento:

| MES | MÍNIMO |
|------------------------|---------------|
| XUÑO | 13:00 – 20:00 |
| XULLO | 12:30 – 20:30 |
| AGOSTO | 12:30 – 20:30 |
| SETEMBRO (ATA O DÍA 9) | 13:00 – 20:00 |

* é un máximo ata a 22:00 horas.

As prestacións no chiringuito serán de:

- Bebidas (auga, refrescos, batidos xeados, cervexa, café...)
- Comida (bocadillos, *snacks* varios, xeados...)
- *Merchandasing* do CERCUD (gorras, camisetas...)

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
“CHIRINGUITO” DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

TERCEIRA.- CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

- O arrendatario deberá cumprir de maneira estrita a normativa vixente en cada momento acerca da venda de alcohol, permitíndose a venda de produtos con graduación baixa.
- .- Todos os produtos servidos polo arrendatario deberán ser correctamente manipulados e deberán cumprir todos os aspectos que especifica a normativa que en cada momento estea en vigor.
- .- O arrendatario deberá ter a disposición dos usuarios follas de reclamacións debidamente autorizadas.
- .- O CERCUD resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento polo arrendatario das obrigas establecidas anteriormente.

CUARTA.- PERSOAL DO ARRENDATARIO E RELACIÓN COS USUARIOS.

- O arrendatario coidará en todo momento da boa presenza do persoal ao seu cargo.
- .- O persoal que preste o servizo deberá tratar con dignidade ós usuarios do servizo, sen que sexa posible discriminación de ningunha clase.
- .- A entidade e o persoal que preste o servizo deberán eludir todo conflito persoal cos usuarios informando expresamente de todo incidente ao CERCUD, e no caso de gravidade, coa Garda Civil.
- .- O arrendatario e o persoal deberá gardar estrita confidencialidade en relación cos datos coñecidos en función da realización do servizo.
- .-O servizo será prestado directamente pola persoa física ou xurídica que resulte arrendataria quedando expresamente prohibido a transmisión da explotación a terceiros.
- .- O arrendatario recibirá a explotación do chiringuito sen medios persoais sendo da súa conta todo o persoal que contrate para a adecuada prestación do servizo sen que o CERCUD teña ao respecto obriga algunha en canto o pagamento de salarios, seguridade social ou calquera outro concepto.
- .- O persoal que se contrate dependerá tanto funcional como organicamente do arrendatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empresario, sempre de acordo coa lexislación laboral e social vixente en cada momento, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algún por dito persoal en relación co CERCUD, nin esixir a este responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre o arrendatario e os seus empregados.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
“CHIRINGUITO” DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

QUINTA.- IDENTIFICACIÓN DO PERSOAL E DOS USUARIOS (vixilancia)

O arrendatario como contraprestación da explotación do chiringuito, ademais do pago do prezo aprobado, deberá exercer funcións de vixilancia e limpeza diaria dos baños e papeleiras das instalacións do CERCUD, así como en perfecto estado de limpeza o resto das instalacións (papeis, botellas, etc.)

- Para tal efecto, o persoal deberá ir debidamente identificado.
- Para o cumprimento desta obriga ten a potestade de solicitar a identificación dos usuarios das instalacións, diferenciando tres grupos:
 1. Socios do CERCUD os que se lles poderá solicitar identificación, para que poidan facer uso e disfrute das instalacións.
 2. Visitantes ou peregrinos que si fagan uso das instalacións, os que se lles cobrará o establecido polo CERCUD.
 3. Visitantes que non fagan uso das instalacións, os que non se lles esixira nada.
- O que se recade por este concepto será integramente para o explotador do chiringuito.

SEXTA.- MEDIOS MATERIAIS

- .- O CERCUD pon a disposición do arrendatario os seguintes electrodomésticos:
 - Arcón conxelador e neveira de bebidas.
- .- O CERCUD pon a disposición do arrendatario os seguintes mobiliario:
 - 2 mesas e 8 sillas.
- .- O arrendatario poderá aceptar ou denegar calquera destes elementos.
- .- O arrendatario deber dotar do equipamento e material preciso para a presentación do servizo.

SÉTIMA.- OBRIGAS, LIMPEZA, MANTEMENTO E CONSUMOS.

- O arrendatario acepta colaborar co CERCUD -previo acordo económico- na organización de actividades nas instalacións, que requiran catering, merendas ou pinchos, etc.
- Igualmente colaborará co CERCUD na celebración de calquera outros eventos, previo acordo económico, poñendo a disposición do mesmo os medios materiais que este precise.

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
"CHIRINGUITO" DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

En relación ao **mantemento das instalacións**:

- .- O CERCUD continuará co labor do servizo de desbroce e corte de herba tanto na zona da praia fluvial, como na de acampadas e campo de fútbol.
- .- O CERCUD correspóndelle o mantemento das instalacións sempre que non foran danadas por un uso inadecuado do arrendatario.

En relación coa **limpeza das instalacións**:

- .- Ao arrendatario correspóndelle a limpeza das instalacións do CERCUD: Terraza anexa ao chiringuito, zona da praia fluvial, zona campo de fútbol e aseos.
- .- O arrendatario manterá en condicións perfectas de limpeza as instalacións; para o cal deberá cumprir o plan de limpeza seguinte:
- .- O arrendatario obrigarase a depositar de maneira clasificada todos os residuos que se xeren no lugar e horario indicados polo CERCUD, procurando na medida do posible, a utilización de aqueles produtos que menos residuos xeneren e sexan facilmente reutilizables.
- .- O arrendatario encargarse do mantemento durante o día do devandito chiringuito así como da colocación de mesas e cadeiras na terraza, despois de ser utilizados polos clientes ou usuarios.

Outras obrigas:

- Serán de conta do arrendatario as obras necesarias de conservación do chiringuito e equipamento así como a reposición de material avariado e deteriorado.
- O arrendatario está obrigado a conservar en perfectas condicións as instalacións, electrodomésticos e mobiliario achegadas polo CERCUD así como os achegados polo arrendatario, sendo da súa conta as reparacións que se efectúen nos mesmos así como as reposicións necesarias por outros similares ou de mellores prestacións.
- O CERCUD inspeccionará o cumprimento de todas as obrigas sinaladas nesta cláusula, propoñéndolle ao arrendatario en cada caso as medidas oportunas. En caso de incumprimento das medidas propostas polo CERCUD, este poderá levarlas a efecto con cargo ao arrendatario do servizo.
- Os arrendatarios están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e normativa hixiénico-sanitaria vixente en cada momento.
- Para efectuar modificacións no chiringuito ou na terraza anexa será precisa a autorización previa do CERCUD e a mesma farase baixo as directrices que establezan a súa Xunta Directiva. Ditas modificacións ou melloras quedarán a beneficio do CERCUD, unha vez rematada a vixencia contractual.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
“CHIRINGUITO” DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

OITAVA.- CONTROL DE CALIDADE

A empresa arrendataria deberá manter un control de calidade, responsabilizándose tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos á venda, como os que sexan de aplicación na preparación dos alimentos, con escrupulosa observancia na regulamentación existente.

A conservación, almacenamento e manipulación das materias primas, tanto frescas como conxeladas deberá cumprir coa Regulamentación Técnico Sanitaria de Comedores Colectivos.

Así a empresa arrendataria será a única responsable das alteracións que poidan sufrir os produtos alimentarios e das consecuencias que para a saúde dos usuarios puidesen derivarse.

NOVENA.- GASTOS AO CARGO DO ARRENDATARIO E DO CERCUD

Serán a cargo do **arrendatario** os seguintes gastos:

- .- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, menaxe e enseres , e en xeral, calquera elemento necesario para a prestación do servizo.
- .- O mantemento do chiringuito e terraza anexa en perfectas condicións, sendo pola súa conta todo tipo de reparacións e tarefas de acondicionamento que este precisase, tanto exterior como interior, ben a iniciativa propia do arrendatario ou ben a instancia do CERCUD.
- .- Os custos da subministración de alarma -no caso de que se instale- e en xeral todos os consumos que sexan necesarios para a prestación do servizo así como o mantemento das instalacións..
- .- Todos os gastos e responsabilidades que implique o inicio e a explotación do servizo, Os os impostos, taxas e demais tributos que graven ou incidan na actividade obxecto desta arrendamento, sendo o seu incumprimento responsabilidade directa do arrendatario,e en definitiva, todos os gastos iniciais ou futuros que se produzan durante a vixencia da arrendamento en que incorra a explotación.
- .- Todos os gastos a cargo do arrendatario da arrendamento serán aboados directamente por este ao seu administrador, sen que se produza intermediación nin responsabilidade algunha a cargo do CERCUD.

Serán a cargo do **CERCUD** os seguintes gastos, sempre nuns consumos non excesivo:

- .- Subministración eléctrica.
- .- Subministración de auga.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
"CHIRINGUITO" DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

DÉCIMA.- OBRAS E INSTALACIÓN.

O obxecto desta arrendamento é exclusivamente a explotación do chiringuito, polo que os únicos dereitos que o arrendatario terá sobre o chiringuito e as instalacións, serán os da súa utilización durante o período reflexado.

En todo caso o arrendatario estará obrigado a permitir ao CERCUD a realización de obras de acondicionamento e mellora nas instalacións que estime pertinentes.

DÉCIMA PRIMEIRA.- TARIFAS CHIRINGUITO.

.- O arrendatario terá dereito a percibir dos usuarios do servizo do chiringuito o prezo correspondente ás prestacións satisfeitas, na contía que estime oportuna.

.- O arrendatario deberá expoñer nun lugar visible a lista de prezos.

DÉCIMA SEGUNDA.- TARIFAS DISFRUTE PRAIA FLUVIAL.

.- O que se recade por este concepto será integramente para o explotador do chiringuito.

.- O prezo que deben pagar os visitantes que fagan uso das instalacións do CERCUD e que non teñan a condición de socios será de 1:00 €/persoa adulta

.- No caso de grupos maiores as 10 persoas. A partir da decima persoa o prezo por persoa será de 0:50 €.

DÉCIMA TERCEIRA.- REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS E MOBILIARIO.

Cando remate o prazo contractual, o arrendatario debe entregar ao CERCUD, sen cargo algún, as "instalacións" que se tiñan dotadas para levar a cabo a explotación, no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Por "instalacións", para os efectos da súa inclusión no réxime de reversión que regula este prego, deberán entenderse comprendidos o caseta metálica aportada polo CERCUD ao arrendatario ao comezo da arrendamento, así como as inversións realizadas por este, nese momento e as posteriores, de reemprazo ou mellora daquelas, de modo que, a reversión se refire ao chiringuito, -coas obras realizadas, decorado e debidamente acondicionado-, e ao equipamento, maquinaria e instalacións da cafetería e mobiliario achegados polo CERCUD.

No prazo de 15 días anteriores a reversión ao CERCUD adoptará as disposicións que considere oportunas, encamiñadas a que á entrega dos bens se verifiquen nas condicións convidadas.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
“CHIRINGUITO” DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

DÉCIMO CUARTA.- EXECUCIÓN.

Ademais das obrigas xerais, derivadas do réxime xurídico do presente prego atenderase especialmente as seguintes:

- .- O contrato de arrendamento executarase a risco e ventura do arrendatario.
- .- O arrendatario será responsable da calidade técnica da actividade desenvolvida, así como das consecuencias que se deduzan para o CERCUD ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución da arrendamento.
- .- Será de conta do arrendatario indemnizar todos os danos que se causen, persoais, e materiais, tanto ao o CERCUD como aos usuarios, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. En calquera caso, o arrendatario responderá de todas as actuacións do seu persoal destinado ao servizo.
- .- O CERCUD non se fai responsable da falta de pago do arrendatario aos seus provedores, nin dos deterioros, roubos que se puideran cometer no chiringuito.

DÉCIMA QUINTA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato de arrendamento:

- .-Polo transcurso do prazo de duración do presente contrato.
- .-Por mutuo acordo.
- .-Por renuncia unilateral do arrendatario, que implicará a perda do pago do arrendamento
- .-Por incumprimento das obrigas do arrendatario sinalada neste prego e no prego de cláusulas administrativas particulares.
- .-Por calquera outra causa de extinción segundo a normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMO SEXTA.- ASEGURAMENTO.

O arrendatario do contrato deberá ter contratada unha póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil locativa, patronal e da responsabilidade civil produtos-alimentos subministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €. Así mesmo deberán incluírse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento da normativa hixiénico-sanitaria.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN DO
“CHIRINGUITO” DO CERCUD – PRAIA FLUVIAL DE BAAMONDE - PARA O PERÍODO ESTIVAL 2018**

Ademais dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle aconteza aos traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o arrendatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ao CERCUD.

Cando corresponda ao arrendatario a obriga de indemnizar e o importe dos danos e prexuízos ocasionados resultara superior á cantidade asegurada na póliza executada, a diferenza será igualmente pola conta da empresa, que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal destinado ao servizo polo arrendatario.

En Baamonde, 31 de xaneiro de 2018

A Xunta Directiva do CERCUD.